

ACTA DA 2ª SESIÓN DO TRIBUNAL PARA O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA-FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE ARQUITÉCTA/O TÉCNICA/O, FUNCIONARIA/O DE CARREIRA, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2021 CONCELLO DE TEO.

En Teo, no despacho do arquitecto municipal, sendo as 10:30 horas do día 27 de setembro de 2023 reúnen-se as persoas que de seguido se relacionan para a confección do primeiro exercicio da fase de oposición polo sistema de promoción interna-funcionarización dunha praza de arquitecto técnica/o, funcionaria/o de carreira do Concello de Teo.

Presidente: Mónica Neira Mato (arquitecta municipal Concello de A estrada)

Vogais: Jose María Domínguez Blanco (Xefe do servizo de disciplina urbanística da xerencia de urbanismo do Concello de Vigo).

María Fernanda Montero Pararpar (tesoureraria do concello de Catoira).

Alberto Iglesias Fungueiriño (arquitecto municipal do concello de Brión)

Secretario: Ignacio Soto González (Arquitecto municipal do Concello de Teo)

Dáse conta das bases oitava e novena das bases xerais e específicas que regulan o proceso selectivo publicadas no BOP de data 12 de abril de 2023. Onde se establecía que:

De acordo co previsto na base novena B) das bases xerais e específicas que regulan o proceso selectivo publicadas no BOP de data 12 de abril de 2023, o primeiro exercicio da fase de oposición, “Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, máis cinco (5) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta, correspondentes ao programa que figura como Anexo II desta Resolución.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O exercicio terá unha duración máxima de cento vinte (120) minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos, asignándose a cada resposta correcta setenta e cinco centésimas (0,75) de punto e descontándose cento vinte e cinco milésimas (0,125) de punto por cada resposta incorrecta.

De acordo co exposto, procédese polo Tribunal a configurar o primeiro exercicio, tipo test, da fase de oposición segundo as bases que rexen a convocatoria, primeiro exercicio que se incorpora como anexo I á presente.

Segundo o previsto na base sétima das que rexen a convocatoria, a Presidencia do Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios da fase de oposición, que se realicen de forma escrita, sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para iso os impresos e/ou procedemento/s adecuado/s. Dado que só existe un aspirante presentado á convocatoria, e dando cumprimento ao sinalado configúrase un sistema de 40 preguntas tipo test, así como cinco de reserva, con catro respostas posibles cada unha, no que se deberá marcar a correcta.

Sendo as 11:30 horas procédese a realizar o chamamento público no salón de plenos do concello das persoas aspirantes, co seguinte resultado:

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	ASISTENCIA
CASTRO MARTÍNEZ	LUIS JAVIER	***7831**	SI

Antes de comezar a realización do exercicio, explícaselles ás persoas aspirantes o sistema a seguir para dar cumprimento ao establecido nas bases para que o primeiro exercicio da fase de oposición.

Sendo as once horas e trinta minutos da comezo a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, cunha duración de 120 minutos, rematando ás unha horas e trinta minutos. As trece horas entrega o exercicio o único aspirante polo que se da por rematada a proba.

Sendo as trece horas e dez minutos, procédese polo Tribunal a corrixir o primeiro exercicio da fase de oposición.

Rematada a corrección do primeiro exercicio da fase de oposición, o resultado é o seguinte:

APELIDOS	NOME	DNI / NIE	PUNTUACIÓN
CASTRO MARTÍNEZ	LUIS JAVIER	***7831**	25,35

Considerando que, segundo a base novena das que regulan o proceso selectivo, para superar o primeiro exercicio da fase de oposición será preciso acadar un mínimo de 15 puntos, polo que, superaron este primeiro exercicio da fase de oposición os aspirantes que teñan unha puntuación igual ou superior.

De acordo co previsto nas bases oitava e novena das que rexen a convocatoria, o Tribunal acorda:

Primeiro.- Que no prazo de dous (2) días hábiles se publique o contido do primeiro exercicio da fase de oposición e as respostas correctas salón do pleno do concello de Teo, lugar no que se realizou o exercicio, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello.

Segundo.- Que se publiquen as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes no primeiro exercicio da fase de oposición no Concello de Teo, lugar no que se realizou o exercicio, na páxina web municipal (www.teo.gal) e no taboleiro de anuncios do Concello, concedéndose un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, prazo que se contará dende a derradeira publicación nos lugares indicados.

Terceiro.- Reunirse o día 04 de outubro de 2023 as 10:00 horas, no Concello para a configuración do segundo exercicio da fase de oposición, fixando a súa realización o día indicado 04 de outubro de 2023 as 12 horas no salón de plenos do Concello de Teo.

Sendo as catorce horas e trinta minutos do 27 de setembro de 2023, dáse por rematado o acto, estendéndose a presente acta, que asinan todos os membros do tribunal, do que dou fe.

Presidente Mónica Neira Mato	Vogal Jose Alberto Iglesias Fungueiriño
Vogal Jose María Domínguez Blanco	Vogal María Fernanda Montero Parapar
Secretario Ignacio Soto González	

ANEXO I
PLANTILLA DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DUNHA
PRAZA POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA DE AUXILIAR
ADMINISTRATIVA/O, FUNCIONARIA/O DE CARREIRA DO CONCELLO DE
TEO COAS RESPOSTAS CORRECTAS

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

PRIMER EJERCICIO

1. Segundo o artigo 20 da Constitución Española de 1978, recoñécese e protéxense os dereitos de:

- a) Elixir libremente a residencia e circular libremente polo territorio nacional.
- b) A produción e creación literaria, artística, científica e técnica.
- c) Reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito non necesitará autorización previa.
- d) Reunión pacífica e sen armas. O exercicio deste dereito necesitará autorización previa.

2. Segundo o artigo 28 da Constitución Española, todos os cidadáns teñen dereito a sindicarse libremente:

- a) A lei poderá limitar ou exceptuar o exercicio deste dereito ás Forzas ou Institutos armados ou aos demais Corpos sometidos a disciplina militar.
- b) Os membros das Forzas ou Institutos armados ou dos Corpos sometidos a disciplina militar poderán exercer este dereito só individualmente e conforme o disposto na súa lexislación específica.
- c) En tempo de guerra este dereito quedará suspendido.
- d) A liberdade sindical comprende o dereito para fundar sindicatos e a afiliarse ao da súa elección, así como o dereito dos sindicatos para formar confederacións, non podendo fundar organizacións sindicais internacionais ou afiliarse ás mesmas.

3. Segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, non é función do Parlamento de Galicia:

- a) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.
- b) Elixir de entre os seus membros, ó Presidente da Xunta de Galicia.
- c) Controlar a acción lexislativa da Xunta.
- d) Esixir, no seu caso, responsabilidade política á Xunta e ó seu Presidente.

4. Los actos de las Administraciones Públicas suxeitos ao Dereito Administrativo serán inmediatamente executivos, salvo que:

- a. Se produza a suspensión da execución do acto.
- b. Se trate dunha resolución dun procedemento de natureza patrimonial.
- c. Se necesite aprobación o autorización superior o inferior.
- d. Todas as respostas son correctas.

5. Os trámites que deban ser cumprimentados polos interesados deberán realizarse no prazo de:

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

- a. Cinco días desde o da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto
- b. Dez días desde o da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto
- c. Dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto
- d. Cinco días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto, salvo no caso de que na norma correspondente se fixe prazo distinto

6. O recurso potestativo de reposición, regulado no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cabe:

- a) Contra disposicións administrativas de carácter xeral.
- b) Contra disposicións administrativas que poñan fin á vía administrativa.
- c) **Contra actos administrativos que poñan fin á vía administrativa.**
- d) Contra actos administrativos de carácter xeral.

7. Cando a notificación por medios electrónicos, de acordo co artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado entenderase rexeitada:

- a) Cando transcorresen dez días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- b) **Cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.**
- c) Cando transcorresen quince días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- d) Cando transcorresen quince días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

8. Segundo o artigo 125 da Lei 39/2015 do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación ao recurso extraordinario de revisión marque a verdadeira:

- a) Pode interpoñerse contra actos firmes en vía administrativa.
- b) Pode interpoñerse ante o órgano administrativo que o ditou.
- c) Pode interpoñerse cando , entre outras, aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución recorrida.
- d) **Todas as respostas son correctas.**

9. O prazo de 1 mes para resolver o recurso, correspóndese co:

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

- a) Recurso extraordinario de revisión.
- b) Recurso de alzada.
- c) Recurso de reposición.
- d) Todas son correctas.

10. Artigo 21 da Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases do Réxime Local. Indique cal das seguintes afirmacións é falsa.

- a) O alcalde dirixe o goberno e a administración municipal.
- b) O alcalde aproba tódolos instrumentos de planeamento urbanístico.
- c) O alcalde é o xefe da policía local.
- d) O Pleno é o órgano competente para a aprobación dos presupostos.

11. Artigo 26 da Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases do Réxime Local. Indique cal é a afirmación verdadeira.

- a) Os municipios, calquera que sexa a súa poboación, poden prestar os servizos de: alumeadado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- b) Os municipios deberán prestar en todo caso, calquera que sexa a súa poboación, os servizos de: alumeadado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.
- c) Os municipios de menos de 5000 habitantes teñen obrigación de dispoñer de protección civil.
- d) Os municipios de menos de 20.000 habitantes teñen obrigación de dispoñer de medio ambiente urbano.

12. De conformidade cos artigos 20, 1º, e) y 116 de la Lei 7/1985, de 02 de abril, de Regulación das Bases de Réxime Local, ¿Que comisión é de existencia obrigatoria en tódolos municipios?

- a) A Comisión Especial de Contratación.
- b) A Comisión Especial de Contas.
- c) A Comisión Especial de Persoal.
- d) A Comisión Especial de Facenda.

13. De conformidade co artigo 23.1 da Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases do Réxime Local, ¿Cal é o número máximo de membros da Xunta de Goberno Local?

- a) O alcalde e dous terzos do número legal de concelleiros.
- b) O alcalde e a metade do número legal de concelleiros.
- c) O alcalde e un terzo do número legal de concelleiros.
- d) Un terzo do número legal de membros da Corporación.

14. De conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases do Réxime Local, o alcalde pode delegar a potestade de ditar Bandos en:

- a) O tenente de alcalde.

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

- b) Na Xunta de Goberno Local.
- c) En calquera concelleiro.
- d) Esta é unha competencia indelegable.

15. Segundo o artigo 3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a actividade urbanística é unha función pública que ten por obxecto:

- a) A organización, dirección e control da ocupación e a utilización do solo, incluídos o subsolo e o voo, a súa transformación mediante a urbanización, a edificación e a rehabilitación do patrimonio inmobiliario, así como a protección da legalidade urbanística.
- b) A ordenación, dirección e control do mantemento e a utilización do solo, incluídos o subsolo e o voo.
- c) A organización, dirección e control da ocupación e o uso do solo, incluídos o subsolo e o voo, a súa transformación mediante a urbanización e a edificación
- d) A ordenación, dirección e control da ocupación e o uso do solo, incluídos o subsolo e o voo, así como a súa protección.

16. Segundo o artigo 20 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, é un deber dos propietarios do solo urbano consolidado cando pretendan parcelar, edificar ou rehabilitar integralmente:

- a) Ceder obrigatoria y gratuitamente ao concello o solo destinado ao sistema local de espazos libres, zonas verdes e equipamentos.
- b). Ceder gratuitamente á administración titular da vía os terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento.
- c) Ceder gratuitamente ao Concello os terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento.
- d) Ceder gratuitamente ao Concello o aproveitamento urbanístico que corresponda.

17. Segundo o artigo 17 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o solo urbano non consolidado integrarase, en todo caso, polos terreos que reúnan algunha das seguintes condicións:

- a) Terreos que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento, podan adquirir a condición de solar mediante obras accesorias e de escasa entidade que podan executarse de forma simultánea coas de edificación.
- b) Terreos nos que non sexan necesarios procesos de urbanización.
- c) Terreos nos que se desenvolven actuacións de dotación.
- d) Terreos nos que non sexan necesarios procesos de reforma interior.

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

18. Segundo o artigo 23 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a delimitación do núcleo rural común realizarase en función:

- a) **Das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo.**
- b) Da cercanía das edificacións.
- c) Dos lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado.
- d) Do grado de consolidación pola edificación, que debe ser de, a lo menos, do 50 %.

19. Segundo o artigo 53 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os plans xerais de ordenación municipal conterán en solo urbano consolidado a seguinte determinación:

- a) Delimitación do ámbito do plan especial de reforma interior.
- b) Regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e construcións, así como das súas características tipolóxicas, estéticas e construtivas.
- c) Establecemento de prazos para a edificación. Noutro caso, este prazo será de dous anos.
- d) **Establecemento de prazos para a edificación. Noutro caso, este prazo será de tres anos.**

20. Segundo o artigo 56 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os plans xerais de ordenación municipal conterán, en solo urbanizable, a seguinte determinación:

- a) Delimitación do ámbito do plan especial.
- b) **Delimitación de sectores para o seu desenvolvemento mediante plans parciais.**
- c) Desenvolvemento dos sistemas da estrutura xeral da ordenación urbanística do territorio coa precisión suficiente para permitir a redacción de estudos de detalle.
- d) Fixación da contía das reservas mínimas de solo de sistemas locais que haberá de contemplar o plan especial.

21. O artigo 151 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, relativo á inspección urbanística, establece que (identifica a resposta correcta):

- a) **A inspección urbanística é a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e uso do solo realizan coa finalidade de comprobar que unha e outro se axustan ao ordenamento urbanístico.**
- b) O persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia urbanística, non terá consideración de axente da autoridade, consideración que unicamente poden ostentar os corpos e forzas de seguridade do estado.
- c) A inspección urbanística é a actividade que os órganos administrativos competentes en materia de edificación e usos do solo realizan coa finalidade de repoñer e sancionar as actuacións que non se axustan ao ordenamento urbanístico.
- d) O persoal funcionario adscrito á inspección e vixilancia urbanística, terá consideración de axente da autoridade, excepto cando actúen conxuntamente cos corpos e forzas de seguridade do estado.

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

22. Segundo o artigo 152 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, instruído o expediente de reposición da legalidade urbanística e previa audiencia do interesado, se adoptará algún dos seguintes acordos (identifica a afirmación incorrecta)

- a) Se as obras non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a costa do interesado.
- b) Se as obras ou os usos puideran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de seis meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente.
- c) Se as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que se teñan que realizar o xustifique.
- d) Se as obras ou os usos puideran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora outorgada ou non se presentase comunicación previa.

23. Segundo o artigo 155 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e en relación á protección da legalidade de zonas verdes, espazos libres, viarios, dotacións e equipamentos públicos, identifica a resposta incorrecta:

- a) Aos actos de edificación e usos do solo relacionados no artigo 142 da Lei 2/2016 que se realicen sen título habilitante esixible sobre os terreos cualificados polo planeamento urbanístico como zonas verdes, espazos libres públicos, viarios ou na zona de protección establecida no artigo 92.1 da Lei 2/2016, dotacións ou equipamentos públicos lles será de aplicación a limitación do prazo de 6 anos do artigo 153 da Lei 2/2016.
- b) Nestes supostos a competencia para a protección da legalidade urbanística corresponde á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- c) As licenzas ou ordes de execución que se outorgaran con infracción da regulación urbanística desas zonas serán nulas de pleno dereito.
- d) Cando as licenzas ou ordes de execución nesas zonas se outorgaran con infracción da regulación urbanística, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo requirirá á persoa titular da alcaldía para que proceda segundo o disposto no artigo 154 da citada lei 2/2016.

24. Segundo o artigo 8 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, son órganos da Comunidade Autónoma de Galicia con competencia urbanística:

- a) O Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo, a persoa titular do órgano competente en materia de urbanismo e a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

b) O Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo, a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia.

c) O Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo, a persoa titular do órgano competente en materia de urbanismo, a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia e o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

d) O Consello da Xunta de Galicia, a Comisión Superior de Urbanismo de Galicia, a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de Galicia e o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

25. Segundo o artigo 87 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, os instrumentos de plan urbanístico, con todos os seus documentos, serán públicos:

a) Tanto se se atopan aprobados como durante a súa tramitación, podendo consultalos calquera persoa, en todo momento, no concello.

b) Unha vez sexan aprobados, podendo consultalos calquera persoa, no concello.

c) Unha vez sexa publicada a súa aprobación, podendo consultalos calquera persoa, no concello.

d) Durante a súa tramitación, podendo consultalos calquera persoa, en todo momento, na sede da Consellería encargada da súa aprobación.

26. O artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, relativo á adaptación ao ambiente e protección da paisaxe, indica que as construcións e instalacións haberán de adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, e para ese efecto:

a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán disonar con el.

b) A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

c) As construcións haberán de presentar polo menos os seus paramentos interiores terminados.

d) As construcións e peches que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixo da vía pública a que dean fronte.

27. Segundo o establecido no artigo 65.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia:

a) Os plans parciais, os plans especiais e os estudos de detalle, poderán reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e áreas de reparto, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10 % do ámbito delimitado polo plan xeral, non podendo o reaxuste afectar á clasificación urbanística do chan.

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

b) O planeamento de desenvolvemento poderá reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e áreas de reparto, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 15 % do ámbito delimitado polo plan xeral, non podendo o reaxuste afectar á clasificación urbanística do chan.

c) O planeamento de desenvolvemento poderá reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e áreas de reparto, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10 % do ámbito delimitado polo plan xeral, mesmo cando o reaxuste afecte á clasificación urbanística do chan.

d) O planeamento de desenvolvemento poderá reaxustar, por razóns xustificadas, a delimitación dos sectores e áreas de reparto, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 15 % do ámbito delimitado polo plan xeral, non podendo o reaxuste afectar á clasificación urbanística do chan.

28. Segundo o establecido no artigo 65.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, os plans parciais e os plans especiais poderán modificar a ordenación detallada establecida polo plan xeral de ordenación municipal, sempre:

a) Que non afecten nin alteren as determinacións do plan xeral, excepto as sinaladas nos artigos 52.1, 54.2, 55.2 e 56.1 da presente lei.

b) Que non impliquen un incremento da superficie edificable total nin a modificación dos usos globais que se establezan no plan xeral.

c) Que non impliquen un incremento da superficie edificable total nin a modificación dos usos globais en mais do 20% da prevista no plan xeral.

d) Que non afecten nin alteren as determinacións do plan xeral, excepto as sinaladas nos artigos 52.1, 54.2, 55.2 e 56.1 da presente lei, e sen prexuízo dos axustes necesarios para garantir as conexións.

29. Segundo o establecido no artigo 69 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, cal dos seguintes documentos non forman parte do contido dos plans parciais:

a) Planos de información, incluído o catastral.

b) Ordenanzas reguladoras necesarias para a súa execución.

c) Memoria de sustentabilidade económica.

d) Memoria xustificativa das súas determinacións.

30. Segundo o establecido no artigo 192 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, os estudos de detalle en desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse cos seguintes obxectivos.

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenar os volumes edificables, alterar o destino urbanístico do solo.
- b) **Completar ou reaxustar as alienacións e rasantes, ordenar os volumes edificables, concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do planeamento.**
- c) Completar ou reaxustar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas, ordenar os volumes edificables, incrementar o aproveitamento urbanístico.
- d) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes, ordenar os volumes edificables, e definir os usos complementarios.

31. Segundo o establecido no artigo 198 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, relativo ó alcance dos catálogos:

- a) **No caso de contradición entre as determinacións do catálogo urbanístico e das do planeamento, prevalecerán as do catálogo.**
- b) Os catálogos non serán vinculantes para o planeamento, prevalecendo este en caso de contradición entre ámbolos dous documentos.
- c) Os catálogos serán vinculantes para o planeamento no referente aos bens, espazos ou elementos nel incluídos, prevalecendo en caso de contradición entre ámbolos dous documentos o planeamento.
- d) Os catálogos son instrumentos complementarios ao planeamento, no referente aos bens, espazos ou elementos nel incluídos, prevalecendo en caso de contradición entre ámbolos dous documentos o planeamento.

32. Segundo o disposto no artigo 332 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal, en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, no seu caso, quede en condicións de ser legalmente destinado ao uso que lle sexa propio:

- a) Constitúe o límite das obras que deban executarse a costa dos propietarios cando a Administración as ordene para conservalos na condicións legais de seguridade, salubridade, accesibilidade universal, ornato e as demais que esixan as leis para servir de soporte a ditos usos.
- b) Constitúe o límite da declaración legal de ruína.
- c) **Constitúe o límite das obras que deban executarse a costa dos propietarios cando a Administración as ordene para obter melloras de interese xeral.**
- d) Constitúe o límite das obras que deban executarse a costa dos propietarios cando a Administración as ordene para conservalos nas condicións legais de seguridade, salubridade, accesibilidade universal, e ornato, por motivos turísticos ou culturais, ou para a mellora da calidade ou sustentabilidade do medio urbano.

NOMBRE:

D.N.I.

33. Segundo o establecido no artigo 341.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, procederá a declaración de ruína económica:

a) Cando polos danos que presenta o inmoble o custo económico das obras necesarias de reparación, exceda da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares en canto á súa dimensión, uso e calidade, empregando a tecnoloxía e materiais actuais, excluído o valor do solo.

b) Cando polos danos que presenta o inmoble o custo económico das obras necesarias de reparación, exceda da metade do custo actual de construción dun inmoble de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, no seu caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio.

c) Cando polos danos que presenta o inmoble o custo económico das obras necesarias de reparación, exceda do 75% do custo de reposición da construción ou do edificio obxecto de reparación.

d) Cando polos danos que presenta o inmoble o custo económico das obras necesarias de reparación, exceda da metade do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares en relación ás características construtivas e a superficie útil, empregando a tecnoloxía e materiais actuais, incluído o valor do solo.

34. Segundo o establecido no artigo 11 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non están suxeitos a licenza:

a) A primeira ocupación dos edificios.

b) As demolicións, salvo as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

c) A modificación do uso de parte dos edificios e instalacións cando teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio ou implantar un uso residencial.

d) A tala de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística.

35. Segundo o establecido no artigo 352 Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no caso de que polo interesado se soliciten licenzas simultáneas para un mesmo inmoble ou parte do mesmo:

a) Cada unha das solicitudes iniciará un procedemento independente.

b) Tramitaranse conxuntamente, pero o seu outorgamento ou denegación será obxecto de resolucións diferentes.

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

c) Tramitaranse conxuntamente, e a resolución que se adopte diferenciará cada licenza outorgada, conservando cada unha a súa propia natureza.

d) Tramitaranse en procedementos separados, pero o seu outorgamento ou denegación será obxecto dunha única resolución.

36. Segundo o establecido no artigo 355 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia a declaración de innecesiedade de licenza de parcelación:

a) Requirirá previa resolución administrativa declarando a obrigação de cesión dos terreos situados fora das aliñacións establecidas polo planeamento.

b) Requirirá previa certificación administrativa declarando a súa innecesiedade que deberá incorporar anexa as fichas descritivas dos lotes resultantes e copia certificada do plano de situación das fincas obxecto de división, con indicación da súa referencia rexistral e catastral

c) Requirirá previa resolución administrativa declarando a súa innecesiedade que deberá incorporar anexa as fichas descritivas dos lotes resultantes e copia certificada do plano de situación das fincas obxecto de división, con indicación da súa referencia rexistral e catastral.

d) Requirirá previa resolución administrativa declarando a súa innecesiedade que deberá incorporar anexa copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

37. De conformidade co establecido no artigo 150.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, será innecesaria o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) No suposto dunha parcelación ilegal que resulte inatacable por transcorrer o prazo máximo legal previsto para elo.

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.

c) En casos de concentración parcelaria ou similares aprobados pola Administración coa finalidade de utilización e explotación agrícola, gandeira, forestal, cinexética ou análoga.

d) A división ou segregación haxa sido autorizada expresamente polo municipio con motivo do outorgamento doutra licenza urbanística.

38. Segundo o artigo 24 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, no solo de núcleo rural as persoas propietarias non están obrigadas a executar a súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo:

a) No caso de parcelacións.

b) No caso de construción de novas edificacións.

c) No caso de cambio de uso das edificacións existentes.

d) No caso de rehabilitacións integrais.

PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA - FUNCIONARIZACIÓN, DUNHA PRAZA DE DE ARQUITECTA/O TÉCNICA/O, AO ABEIRO DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO, APROBADO POLO REAL DECRETO LEXISLATIVO 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO.



NOMBRE:

D.N.I.

39. De conformidade co establecido no artigo 368 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que se refire a construción de fincas en réxime de propiedade horizontal:

- a) Está suxeita a licenza municipal de conformidade co disposto no artigo 368 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- b) Estarase ao disposto na lexislación estatal vixente, salvo para o disposto nos complexos inmobiliarios que quedarán sometidos a autorización administrativa.
- c) Requirirá da declaración administrativa de innecesariedade de conformidade co disposto para as licenzas de división de terreos.
- d) Estarase ao disposto na lexislación estatal vixente.

40. De conformidade co establecido no artigo 367 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en solo rústico poderá realizarse segregacións:

- a) Coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto ao orixinariamente.
- b) No caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións agrícolas cando teñan por obxecto a súa mellora.
- c) Coa finalidade de regularizar a configuración de parcelas lindeiras, a segregación e simultánea agregación en unidade de acto.
- d) Cando se trate de concentrar propiedades.

